

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

INSTITUTO GALEGO DA VIVENDA E SOLO

RESOLUCIÓN do 27 de xuño de 2022 pola que se establecen as bases reguladoras das subvencións do Programa de bono alugueiro mocidade e se procede á súa convocatoria, con financiamento plurianual, para o ano 2022 (código de procedemento VI482E).

No *Boletín Oficial del Estado* núm. 16, do 19 de xaneiro de 2022, publicouse o Real decreto 42/2022, do 18 de xaneiro, polo que se regula o bono alugueiro mocidade e o Plan estatal para o acceso á vivenda 2022-2025.

O citado real decreto, segundo establece no seu artigo 1, ten por obxecto regular o bono alugueiro mocidade para facilitar o goce dunha vivenda ou habitación en réxime de alugamento ou de cesión de uso aos mozos e mozas con escasos medios económicos, mediante o outorgamento de axudas directas ás persoas arrendatarias ou cesionarias.

A finalidade do Programa de bono alugueiro mocidade é impulsar o acceso dos mozos e mozas á vivenda en alugamento ou en cesión en uso e, polo tanto, á súa emancipación.

Esta resolución ten por obxecto establecer as bases reguladoras do Programa bono alugueiro mocidade e proceder á súa convocatoria para o ano 2022; suxéitase ao disposto no texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, aprobado polo Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro; na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e no seu regulamento, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

Esta resolución prevé como sistema de presentación das solicitudes unicamente a presentación electrónica a través da sede electrónica da Xunta de Galicia, tendo en conta que as persoas destinatarias destas axudas, mozos e mozas menores de 36 anos, teñen acceso e dispoñibilidade de medios electrónicos necesarios para relacionarse electronicamente coas administracións públicas.

De conformidade co anterior, no exercicio das facultades que me confire o artigo 4 do Decreto 97/2014, do 24 de xullo, polo que se establece a estrutura orgánica do Instituto Galego da Vivenda e Solo,

RESOLVO:

I. Disposicións xerais

Primeiro. *Obxecto e réxime de concesión das axudas*

1. Esta resolución ten por obxecto aprobar as bases reguladoras que rexerán a concesión das subvencións do Programa bono alugueiro mocidade para facilitar o goce dunha



vivenda ou habitación en réxime de alugamento ou de cesión de uso á mocidade con escasos medios económicos, mediante o outorgamento de axudas directas ás persoas arrendatarias ou cesionarias, que se tramitarán co código de procedemento VI482E.

2. Así mesmo, por medio desta resolución convócanse estas axudas para a anualidade de 2022, con carácter plurianual.

3. A concesión das axudas recollidas nesta resolución tramitarase polo procedemento de concorrencia non competitiva, ata esgotar o crédito dispoñible previsto na convocatoria, de acordo co sinalado no artigo 19.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Segundo. *Recursos contra a presente resolución*

Esta resolución pon fin á vía administrativa e contra ela poderán interpoñerse os seguintes recursos, sen prexuízo de que as persoas interesadas poidan presentar calquera outro que consideren procedente:

a) Recurso potestativo de reposición ante a persoa titular da Presidencia do Instituto Galego da Vivenda e Solo (en adiante, IGVS) no prazo dun mes, contado a partir do día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia* (en adiante, DOG), segundo o disposto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

b) Recurso contencioso-administrativo ante os xulgados do contencioso-administrativo de Santiago de Compostela, no prazo de dous meses, contados desde o día seguinte ao da publicación desta resolución no DOG, de acordo co establecido no artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Terceiro. *Remisión normativa*

En todo o non recollido nesta resolución aplicarase o disposto no Real decreto 42/2022, do 18 de xaneiro, polo que se regula o bono alugueiro mocidade e o Plan estatal para o acceso á vivenda 2022-2025; a Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e o seu regulamento, aprobado polo Real decreto 887/2006, do 21 de xullo; a Lei 9/2007, do 13 de xuño, e o seu regulamento, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, e a Lei 39/2015, do 1 de outubro.



Cuarto. *Habilitación para o desenvolvemento*

Habilitase a persoa titular da Dirección Xeral do IGVS para ditar as resolucións que sexan necesarias para o desenvolvemento e aplicación desta resolución, así como para adoptar os acordos, instrucións e aclaracións que sexan precisos para a xestión destas axudas.

II. Bases reguladoras**Quinto. *Actuacións subvencionables***

Será obxecto desta subvención, nos termos desta resolución e sempre dentro das dispoñibilidades orzamentarias, a renda ou o prezo da cesión aos que á mocidade ha de facer fronte para o goce da súa vivenda ou habitación habituais.

Sexto. *Requisitos das persoas beneficiarias*

1. Poderán beneficiarse desta axuda as persoas físicas maiores de idade que reúnan todos e cada un dos requisitos seguintes:

a) Ter menos de 36 anos no momento de solicitar a axuda.

b) Posuír a nacionalidade española, ou a dalgún dos Estados membros da Unión Europea ou do Espazo Económico Europeo, Suíza, ou o parentesco determinado pola normativa que sexa de aplicación. No caso das persoas estranxeiras non comunitarias deberán acharse en situación de estancia ou residencia regular en España.

c) Ser titular ou estar en condicións de subscribir na Comunidade Autónoma de Galicia, en calidade de persoa arrendataria, un contrato de alugamento de vivenda formalizado nos termos da Lei 29/1994, do 24 de novembro, de arrendamentos urbanos, ou, en calidade de persoa cesionaria, dun contrato de cesión de uso. No caso de alugamento de habitación non é xixible que a formalización sexa nos termos da Lei 29/1994, do 24 de novembro.

d) Dispoñer de, polo menos, unha fonte regular de ingresos.

Para estes efectos, entenderase que teñen unha fonte regular de ingresos quen estea traballando por conta propia ou allea, o persoal investigador en formación e as persoas perceptoras dunha prestación social pública de carácter periódico, contributiva ou asistencial,



sempre que poidan acreditar unha vida laboral de, polo menos, tres meses de antigüidade, nos seis meses inmediatamente anteriores ao momento da solicitude, ou unha duración prevista da fonte de ingresos de, polo menos, seis meses, contados desde o día da súa solicitude.

No caso de dispoñer de máis dunha fonte regular de ingresos, as rendas computables serán a suma das rendas derivadas das ditas fontes.

e) Dispoñer dunhas rendas anuais, incluídos os das persoas que teñan o seu domicilio habitual e permanente na vivenda arrendada ou cedida ou a arrendar ou ceder, consten ou non como titulares dun contrato de arrendamento ou cesión, iguais ou inferiores a tres veces o Indicador Público de Renda de Efectos Múltiples (IPREM).

Non obstante, só se terán en conta as rendas anuais da persoa solicitante nos seguintes supostos:

– No de alugamento de habitación.

– No caso de que na vivenda convivan, ademais da persoa solicitante, outra/s persoas e concorran os seguintes requisitos:

- Que no momento de solicitar a axuda ningunha das persoas que conviva na vivenda teña entre si parentesco en primeiro grao de consanguinidade ou ben que todas elas teñan menos de 36 anos.

- Que todas elas subscriban o contrato de alugamento.

f) Que a vivenda ou habitación arrendada ou cedida constitúa, no momento da solicitude, a súa residencia habitual e permanente, no caso de que teña contrato. A dita circunstancia deberá ser acreditada mediante certificado ou volante de empadramento nos termos previstos nesta resolución.

2. Non se poderá conceder a axuda cando a persoa solicitante ou algunha das que teñan a súa residencia habitual e permanente na vivenda obxecto do contrato ou compromiso de alugamento ou de cesión de uso se atope nalgunha das situacións que a continuación se indican:

a) Ser persoa propietaria ou usufrutuaria dalgunha vivenda en España. Para estes efectos, non se considerará que se é persoa propietaria ou usufrutuaria dunha vivenda se o



dereito recae unicamente sobre unha parte alícuota dela e se obtivese por herdanza ou transmisión *mortis causa* sen testamento. Exceptuaranse deste requisito quen, sendo titular dunha vivenda, acredite a súa non dispoñibilidade por causa de separación ou divorcio, por calquera outra causa allea á súa vontade ou cando a vivenda resulte inaccesible por razón de discapacidade da persoa titular ou algunha outra persoa da súa unidade de convivencia.

b) Ter parentesco en primeiro ou segundo grao de consanguinidade ou de afinidade coa persoa arrendadora ou cedente da vivenda.

c) Ser socia ou partícipe da persoa física ou xurídica que actúe como arrendadora ou cedente.

3. As persoas beneficiarias e as que teñan a súa residencia habitual e permanente na vivenda obxecto do contrato ou compromiso deberán atoparse ao día nas súas obrigas tributarias estatais e autonómicas e coa Seguridade Social e non ter pendente ningunha outra débeda, por ningún outro concepto, coa Administración pública da Comunidade Autónoma.

4. Non poderán obter a condición de beneficiarias destas axudas aquelas persoas que estean incursas nalgunha das circunstancias previstas no artigo 13.2 da Lei 38/2003, do 17 de decembro, e no artigo 10.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

5. Cando na mesma vivenda convivan dous ou máis persoas mozas, cada unha delas poderá ser beneficiaria se cumpren os requisitos establecidos neste ordinal.

Sétimo. *Cómputo de ingresos*

Para a determinación dos ingresos partírase da contía da base imponible xeral e do aforro, reguladas nos artigos 48 e 49, respectivamente, da Lei 35/2006, do 28 de novembro, do imposto sobre a renda das persoas físicas (en adiante, IRPF), correspondente aos datos fiscais da persoa solicitante relativos ao período impositivo que se determine na correspondente convocatoria.

Se a fonte regular de ingresos da persoa solicitante consistira en actividades empresariais, profesionais ou artísticas, a acreditación das rendas referiranse ao rendemento neto da dita actividade económica, calculado con carácter previo á aplicación das reducións previstas no artigo 32 de Lei 35/2006, do 28 de novembro, correspondentes á



declaración presentada pola persoa solicitante, relativa ao período impositivo que se determine na correspondente convocatoria.

Oitavo. *Renda ou prezo de cesión.*

1. A renda mensual da vivenda ou o prezo de cesión da vivenda obxecto do contrato de alugamento ou de cesión non poderá superar o seguintes importes, dependendo do concello en que estea situada:

Zona territorial	Importe da renda mensual de alugamento	Concellos
Prezo máximo superior	600	A Coruña, Santiago de Compostela, Vigo, Ourense e Pontevedra.
Municipios de zona territorial 1	500	– Ames, Arteixo, Cambre, Carballo, Culleredo, Ferrol, Narón, Oleiros e Ribeira. – Lugo. – A Estrada, Cangas, Lalín, Marín, O Porriño, Ponteareas, Redondela e Vilagarcía de Arousa.
	450	– Ares, As Pontes de García Rodríguez, Betanzos, Boiro, Cedeira, Cee, Fene, Melide, Mugardos, Neda, Noia, Ordes, Oroso, Padrón, Pontedeume, Sada e Teo. – Burela, Cervo, Chantada, Foz, Monforte de Lemos, Ribadeo, Sarria, Vilalba e Viveiro. – Allariz, A Rúa, O Barco de Valdeorras, O Carballiño, Celanova, Ribadavia, Verín e Xinzo de Limia. – Baiona, Bueu, Cambados, Gondomar, O Grove, A Illa de Arousa, Moaña, Mos, Nigrán, Poio, Pontecesures. – Sanxenxo, Tui e Vilanova de Arousa.
Municipios de zona territorial 2	400	O resto de concellos de Galicia.

Nesta renda ou prezo non se inclúe o importe que puidese corresponder a gasto de comunidade e/ou anexos, tales como prazas de garaxe, rochos ou similares. No caso do alugamento de habitación, a renda ou prezo non poderá superar o equivalente á metade do importe previsto para renda mensual ou prezo de cesión da vivenda, dependendo do concello no que estea situado.

2. Poderanse modificar os ámbitos territoriais e importes da renda ou prezo de cesión da vivenda ou da habitación de aplicación deste programa mediante resolución da persoa titular da Dirección Xeral do IGVS, que deberá publicarse no DOG.

Noveno. *Contía e duración das axudas*

1. Concederáse ás persoas beneficiarias unha axuda de 250 euros mensuais, co límite da renda mensual, do prezo da cesión ou, de convivir con outras persoas, do importe que lle corresponda satisfacer á persoa beneficiaria.



2. A axuda concederáse ás persoas beneficiarias polo prazo de dous anos, sen que poida exceder a data sinalada na correspondente convocatoria.

3. O recoñecemento do dereito da axuda poderá ter carácter retroactivo, se se prevé expresamente na convocatoria.

Décimo. *Solicitudes*

1. As solicitudes presentaranse obrigatoriamente por medios electrónicos a través do formulario dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia (<https://sede.xunta.gal>).

A presentación electrónica será obrigatoria porque as persoas destinatarias destas axudas, mozos e mozas menores de 36 anos, teñen acceso e dispoñibilidade de medios electrónicos necesarios para relacionarse electronicamente coas administracións públicas.

2. De conformidade co artigo 68.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, se algunha das persoas interesadas presenta a súa solicitude presencialmente, requiriráselle para que a emende a través da súa presentación electrónica. Para estes efectos, considerarase como data de presentación da solicitude aquela na que fose realizada a emenda.

3. Para a presentación electrónica das solicitudes poderá empregarse calquera dos mecanismos de identificación e sinatura admitidos pola sede electrónica da Xunta de Galicia, incluído o sistema de usuario e clave Chave365 (<https://sede.xunta.gal/chave365>).

4. No formulario de solicitude a persoa solicitante deberá realizar as seguintes declaracións:

a) Declaración responsable de que non solicitou nin obtivo ningunha outra axuda para a mesma finalidade. No caso de ter solicitado ou obtido algunha outra axuda, deberá indicar cales e a súa contía.

b) Compromiso de comunicar calquera outra subvención que lle sexa concedida para a mesma finalidade.

c) Declaración responsable de que está ao día no pagamento de obrigas por reintegro de subvencións, conforme o artigo 10.2.g) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e o artigo 9 do seu regulamento, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.



d) Declaración responsable de que non está incurso nas causas de inhabilitación para a obtención de axudas previstas no número 2 do artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

e) Declaración responsable de que nin a persoa solicitante nin ningunha outra persoa que teña o seu domicilio habitual e permanente na vivenda arrendada ou cedida é propietaria e/ou usufrutuaria dunha vivenda situada en España, agás nos supostos exceptuados no ordinal 6.2.a).

f) Declaración responsable de que nin a persoa solicitante nin ningunha outra persoa que teña o seu domicilio habitual e permanente na vivenda arrendada ou cedida, é socia ou partícipe da persoa física ou xurídica que actúe como arrendadora.

g) Declaración responsable de que a persoa solicitante non está incurso en ningunha das circunstancias previstas no artigo 13.2 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e no artigo 10.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

h) Declaración responsable de que todos os datos da solicitude son certos.

Décimo primeiro. *Documentación complementaria*

1. As persoas interesadas deberán achegar coa solicitude a seguinte documentación:

a) Documentación acreditativa da representación da persoa que actúe no nome da persoa solicitante, de ser o caso. A representación deberá acreditarse a través do modelo normalizado dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia ou por calquera outro medio válido en dereito. O modelo normalizado pódese descargar na seguinte ligazón: <https://sede.xunta.gal/modelos-normalizados>.

b) Contrato de alugamento de vivenda formalizado nos termos da Lei 29/1994, do 24 de novembro, ou, se é o caso, contrato de alugamento de habitación ou contrato de cesión de uso.

c) Referencia catastral da vivenda, no caso de que non figure no contrato.

d) Documento asinado pola persoa arrendadora no que conste o importe da renda ou prezo de cesión individualizado, no caso de que estean incluídos os gastos de comunidade e/ou anexos, como garaxes ou rochos, cuxo importe non estivese desagregado.



e) Compromiso asinado pola persoa arrendadora e arrendataria/s da formalización dun contrato de alugamento ou cesión de uso, no caso de non dispoñer de contrato, no que consten os seguintes datos:

– O importe da renda ou prezo da cesión individualizado, sen incluír os anexos da vivenda e gastos de comunidade.

– O concello onde se localice a vivenda.

– A referencia catastral da vivenda.

– As persoas arrendatarias que subscribirán o dito contrato.

– A data de efectos económicos do contrato.

f) Certificado ou volante de empadramento colectivo, no que conste a data da solicitude, as persoas que teñen o seu domicilio habitual e permanente na vivenda obxecto de alugamento ou cesión ou na que se localice a habitación obxecto de alugamento ou cesión, no caso de que teña contrato. Para estes efectos, recoñeceranse os certificados expedidos nos tres meses anteriores á data de presentación da solicitude.

No caso de que na vivenda resida unicamente a persoa solicitante, o certificado deberá facer constar expresamente esta circunstancia.

g) Documentación xustificativa da fonte regular de ingresos da persoa solicitante. Para estes efectos, poderán achegarse:

– Contrato de traballo por conta allea, de ser o caso.

– Contrato de persoal investigador en formación, de ser o caso.

– Certificado acreditativo da percepción dunha prestación social pública de carácter periódico, contributiva ou asistencial, de ser o caso.

– Calquera outra documentación que xustifique algunha das fontes regulares de ingresos nos termos destas bases reguladoras.

h) No caso de que a persoa solicitante ou calquera das persoas que teñan a súa residencia habitual e permanente na vivenda obxecto do contrato ou compromiso sexan propietarias ou usufrutuarias dalgunha vivenda en España e non poidan dispoñer dela:



– Convenio regulador de separación ou divorcio ou sentenza que acredite a dita circunstancia, de ser o caso.

– Documentación que acredite que a persoa solicitante e/ou algunha outra persoa que teñen o seu domicilio habitual e permanente na vivenda arrendada ou cedida, non poden habitar a vivenda por calquera outra causa allea á súa vontade, de ser o caso.

– Informe técnico que xustifique a inaccesibilidade da vivenda por razón da discapacidade da persoa titular e/ou algunha outra persoa que teñan o seu domicilio habitual e permanente na vivenda arrendada ou cedida, de ser o caso.

i) No caso de que a persoa solicitante ou calquera das persoas que teñen o seu domicilio habitual e permanente na vivenda arrendada ou cedida sexan propietarias ou usufrutuarias da parte alícuota dunha vivenda en España, documentación acreditativa de que foi obtida por transmisión *mortis causa* sen testamento.

j) Anexo II, de declaración responsable das persoas que teñen ou terán o seu domicilio habitual e permanente na vivenda arrendada ou cedida e comprobación dos datos necesarios para a tramitación do procedemento, no caso de que na vivenda residan outras persoas distintas da persoa solicitante.

k) Anexo III, de declaración responsable de ingresos obtidos pola persoa solicitante e/ou polas persoas que teñen o seu domicilio habitual e permanente na vivenda arrendada ou cedida, no caso de non ter presentado a declaración do Imposto sobre a renda das persoas físicas, xunto coa seguinte documentación:

– Certificado de retribucións e retencións da empresa ou empresas nas cales estivese de alta no exercicio económico previsto nesta convocatoria.

– Certificado de pensións ou prestacións periódicas, emitido polo correspondente organismo oficial, no caso de non ser outorgadas polo Instituto Nacional da Seguridade Social (en adiante, INSS) relativo ao exercicio económico previsto nesta convocatoria.

– Certificados bancarios de rendementos de capital mobiliario.

l) Declaración responsable de que ningunha das persoas que convive na vivenda ten entre si parentesco en primeiro grao de consanguinidade, no caso de que na vivenda convivan, ademais da persoa solicitante, outra/s persoa/s e todas elas subscriban o contrato de arrendamento, de ser o caso.



m) Extracto ou certificado bancario acreditativo do pagamento da renda ou prezo da cesión das mensualidades anteriores á presentación da solicitude, no suposto do recoñecemento do dereito da axuda teña carácter retroactivo.

n) Escrito de conformidade das restantes persoas arrendatarias ou cesionarias que convivan na vivenda arrendada, no suposto de que o pagamento íntegro da renda ou prezo da cesión fose realizado por unha única persoa en nome das restantes, no suposto de que o recoñecemento do dereito da axuda teña carácter retroactivo.

o) Resolución de concesión e de suspensión desta axuda na comunidade ou cidade autónoma de orixe, no caso de cambio de domicilio procedente doutra comunidade ou cidade autónoma.

2. De conformidade co artigo 28.3 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, non será necesario achegar os documentos que xa foron presentados anteriormente pola persoa interesada ante calquera Administración. Neste caso, a persoa interesada deberá indicar en que momento e ante que órgano administrativo presentou os ditos documentos, que serán solicitados electronicamente a través das redes corporativas ou mediante consulta ás plataformas de intermediación de datos ou outros sistemas electrónicos habilitados para o efecto, agás que conste no procedemento a oposición expresa da persoa interesada.

3. De forma excepcional, se non se puideran obter os citados documentos, poderá solicitarse novamente da persoa interesada a súa achega.

Décimo segundo. *Forma de presentación da documentación complementaria*

1. A documentación complementaria deberá presentarse electronicamente.

Se algunha das persoas interesadas presenta a documentación complementaria presencialmente, requiriráselle para que a emende a través da súa presentación electrónica. Para estes efectos, considerarase como data de presentación aquela na que fose realizada a emenda.

2. As persoas interesadas responsabilizaranse da veracidade dos documentos que presenten. Excepcionalmente, cando a relevancia do documento no procedemento o exixa ou existan dúbidas derivadas da calidade da copia, a Administración poderá solicitar de maneira motivada o cotexo das copias achegadas pola persoa interesada, para o que poderán requirir a exhibición do documento ou da información orixinal.



3. Sempre que se realice a presentación de documentos separadamente da solicitude deberase indicar o código e o órgano responsable do procedemento, o número de rexistro de entrada da solicitude e o número de expediente se se dispón del.

4. No caso de que algún dos documentos que hai que presentar de forma electrónica superase os tamaños máximos establecidos ou tivese un formato non admitido pola sede electrónica da Xunta de Galicia, permitirase a presentación deste de forma presencial na forma indicada no número anterior. A información actualizada sobre o tamaño máximo e os formatos admitidos pode consultarse na sede electrónica da Xunta de Galicia.

Décimo terceiro. *Comprobación de datos*

1. Para a tramitación deste procedemento consultarase automaticamente os datos incluídos nos seguintes documentos en poder da Administración actuante ou elaborados polas administracións públicas, agás que a persoa interesada se opoña á súa consulta:

a) Documento nacional de identidade (en adiante, DNI) ou, de ser o caso, número de identidade de estranxeiro (en adiante, NIE) da persoa solicitante e, de ser o caso, da súa persoa representante, así como das persoas que teñan o seu domicilio habitual e permanente na vivenda arrendada ou cedida.

b) Número de identificación fiscal (en adiante, NIF) da entidade representante, de ser o caso.

c) Consulta de vida laboral dos últimos doce meses da persoa solicitante.

d) Certificación da Axencia Estatal de Administración Tributaria (en adiante, AEAT), acreditativa do cumprimento das obrigas tributarias da persoa solicitante e das persoas que teñan o seu domicilio habitual e permanente na vivenda arrendada ou cedida.

e) Certificacións da Tesouraría Xeral da Seguridade Social acreditativa do cumprimento das obrigas fronte á Seguridade Social da persoa solicitante e das persoas que teñan o seu domicilio habitual e permanente na vivenda arrendada ou cedida.

f) Certificación da Axencia Tributaria de Galicia (en adiante, Atriga) que acredite non ter pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma, correspondente á persoa solicitante e ás que teñan o seu domicilio habitual e permanente na vivenda arrendada ou cedida.



g) Certificado da renda expedido pola AEAT, da persoa solicitante e das persoas que teñan o seu domicilio habitual e permanente na vivenda arrendada ou cedida.

h) Certificación de titularidade de bens inmobles da Dirección Xeral do Catastro, onde conste que nin a persoa solicitante nin as persoas que teñan o seu domicilio habitual e permanente na vivenda arrendada ou cedida teñan en propiedade e/ou en usufruto outra vivenda en España.

i) Consulta de inhabilitación para obter subvencións e axudas da Intervención Xeral do Estado da persoa solicitante, así como das persoas que teñan o seu domicilio habitual e permanente na vivenda arrendada ou cedida.

j) Consulta de concesións de subvencións e axudas da Intervención Xeral do Estado da persoa solicitante, así como das persoas que teñan o seu domicilio habitual e permanente na vivenda arrendada ou cedida.

2. Consultaranse, ademais, os seguintes datos cando a persoa interesada faga constar na solicitude que lle é de aplicación a circunstancia que acredita o documento correspondente:

a) Consulta das prestacións do Rexistro de Prestacións Sociais Públicas, incapacidade temporal e maternidade do Instituto Nacional da Seguridade Social da persoa solicitante, así como das persoas que teñan o seu domicilio habitual e permanente na vivenda arrendada ou cedida.

b) Certificado das prestacións da renda de integración social de Galicia da persoa solicitante, así como das persoas que teñan o seu domicilio habitual e permanente na vivenda arrendada ou cedida.

c) Certificado dos importes das prestacións de desemprego percibidos nun período pola persoa solicitante, así como polas persoas que teñan o seu domicilio habitual e permanente na vivenda arrendada ou cedida.

d) Permiso de estadia ou residencia regular en España da persoa solicitante, no caso das persoas estranxeiras non comunitarias.

3. No caso de que as persoa interesada se opoñan á consulta, deberá indicalo no recadro habilitado no formulario correspondente e achegar os documentos.



Cando así o exixa a normativa aplicable, solicitarase o consentimento expreso da persoa interesada para realizar a consulta.

4. Excepcionalmente, no caso de que algunha circunstancia imposibilite a obtención dos citados datos, poderase solicitar das persoas interesadas a presentación dos documentos correspondentes.

Décimo cuarto. *Trámites administrativos posteriores á presentación de solicitudes*

Todos os trámites administrativos que as persoas interesadas deban realizar trala presentación da solicitude deberán ser efectuados electronicamente accedendo á Carpeta cidadá da persoa interesada dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia.

Décimo quinto. *Órganos competentes para instruír e resolver o procedemento*

1. A instrución do procedemento é competencia da Dirección Técnica de Fomento do IGVS.

2. Correspóndelle á persoa titular da Dirección Xeral do IGVS resolver as solicitudes das axudas.

Décimo sexto. *Procedemento de concesión e requirimentos de emenda*

1. O procedemento iniciarase de oficio, en réxime de concorrencia non competitiva, mediante a publicación da correspondente convocatoria.

2. Se a solicitude presentada non reúne os requisitos exixidos, requirirase a persoa solicitante para que no prazo de dez días hábiles a emende ou achegue os documentos preceptivos, advertíndoa de que, no caso de non atender o requirimento, se considerará que desiste da súa petición, de acordo co establecido no artigo 68 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, logo de resolución que deberá ser ditada nos termos previstos no artigo 21 da citada lei.

3. De conformidade co establecido nos artigos 45 e 46 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, os requirimentos de emenda e as resolucións poderanse facer mediante publicación no DOG e producirán os mesmos efectos que a notificación individualizada. Esta publicación tamén se realizará na páxina web do IGVS.

4. Unha vez completado o expediente e feitas as comprobacións oportunas, a persoa titular da Dirección Técnica de Fomento do IGVS elevará a proposta de resolución de cada



expediente á persoa titular da Dirección Xeral do IGVS quen, á vista delas e tendo en conta o límite orzamentario establecido para cada convocatoria, resolverá o que en dereito proceda.

Décimo sétimo. *Resolución e recursos*

1. A resolución estimará, desestimaré ou declarará a inadmisión da axuda solicitada.

2. A resolución estimatoria indicará a contía da axuda, a súa duración, os seus efectos económicos, así como a súa forma de xustificación.

No caso de persoas beneficiarias que non teñan subscrito un contrato de alugamento ou cesión de vivenda ou habitación, a resolución quedará condicionada á achega, no prazo de tres meses desde a notificación da dita resolución, do certificado ou volante de empadramento e do correspondente contrato de alugamento ou cesión. Neste caso, o contrato deberá formalizarse nos mesmos termos que o compromiso achegado xunto coa solicitude e no prazo máximo de dous meses desde a notificación da dita resolución.

3. O prazo máximo para ditar e notificar a resolución do procedemento será de tres meses, contados desde a data de presentación da solicitude. Transcorrido este prazo, sen que se dite e notifique a resolución expresa, a persoa interesada poderá entender desestimada a súa solicitude por silencio administrativo.

4. Contra a resolución ditada pola persoa titular da Dirección Xeral do IGVS pode-rase interpor recurso de alzada ante a persoa titular da Presidencia do IGVS. O prazo de interposición deste recurso será dun mes, contado desde o día seguinte ao da súa notificación.

Décimo oitavo. *Modificación da resolución*

As persoas beneficiarias estarán obrigadas a comunicar de inmediato, mesmo durante a tramitación da solicitude, calquera modificación das condicións que poidan motivar ou motivasen tal recoñecemento e que puidese determinar a perda sobrevinda do dereito á axuda. A non comunicación destas modificacións será causa suficiente para o inicio dun expediente de reintegro das cantidades que puidesen cobrarse indebidamente.

A dita comunicación deberá realizarse no prazo de dez días, contado desde o momento no que se produza a dita modificación.



Décimo noveno. Causas de denegación

1. Será causa de denegación da solicitude da subvención o incumprimento dos requisitos exixidos nestas bases reguladoras.

2. Tamén serán denegadas aquelas solicitudes que non dispoñan de cobertura orzamentaria no momento da súa resolución. Para estes efectos, terase en conta a orde cronolóxica de entrada das solicitudes no rexistro electrónico da Xunta de Galicia. Para tal fin, considerarase data de presentación aquela en que a solicitude estea validamente cuberta e acompañada da totalidade dos documentos exixidos nas bases reguladoras e na correspondente convocatoria.

Vixésimo. Pagamento e xustificación da subvención

1. O pagamento da subvención realizarase trimestralmente de forma anticipada por meses completos e desde a data de efectos económicos sinalada na solicitude, mediante transferencia bancaria na conta de titularidade da persoa beneficiaria sinalada para estes efectos no anexo I.

Para os efectos anteriores, nos supostos nos que a data de efectos económicos do contrato non coincida co primeiro día do mes, a dita data será o primeiro día do mes seguinte.

2. As persoas beneficiarias deberán xustificar a subvención mediante a presentación dos extractos ou certificados bancarios acreditativos do pagamento da renda ou do prezo da cesión. Para estes efectos, tamén se admitirán os seguintes documentos:

a) Os extractos ou certificados bancarios dos pagamentos realizados por empresas mediadoras ou inmobiliarias a favor da persoa arrendadora ou cesionaria, onde quede acreditado o importe do ingreso e o seu concepto.

b) Os extractos ou certificados bancarios dos pagamentos realizados pola persoa arrendataria ou cesionaria a empresas mediadoras ou inmobiliarias, sempre que se achegue un documento da persoa arrendadora ou cesionaria que autorice a recepción nesa conta bancaria dos pagamentos mensuais ou figure no propio contrato de alugamento como forma de pagamento da renda.

c) Os extractos ou certificados bancarios do pagamento íntegro da renda ou prezo da cesión realizado por unha das persoas arrendatarias ou cesionarias, no suposto de que



na vivenda arrendada convivan dúas ou máis persoas arrendatarias ou cesionarias. Neste caso, deberá achegar un escrito de conformidade das restantes persoas que convivan na vivenda.

En ningún caso se admitirán como xustificación os recibos de pagamentos realizados en metálico.

3. A xustificación dos pagamentos das rendas ou prezos mensuais realizaranse do seguinte xeito:

– A xustificación do pagamento da renda ou prezo da cesión das mensualidades anteriores á presentación da solicitude recoñecidas con carácter retroactivo e non achegadas con anterioridade deberá presentarse no prazo de dez días contados desde o día seguinte á data de notificación da resolución de concesión no caso de que non a presentasen con anterioridade.

– A xustificación dos pagamentos posteriores á notificación da resolución de concesión realizarase cunha periodicidade trimestral e deberá achegarse no prazo de dez días desde o seguinte á finalización do trimestre correspondente.

En todo caso, non se admitirán xustificacións fóra do prazo de tres meses desde a finalización do último mes natural obxecto da subvención.

4. A remisión da citada xustificación deberá realizarse electronicamente accedendo á Carpeta cidadá da persoa interesada dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia.

5. A falta de xustificación do pagamento da renda ou do prezo da cesión ou, de ser o caso, a falta de pagamento da renda ou prezo da cesión dentro do prazo sinalado no parágrafo anterior determinará a perda do dereito á subvención da correspondente mensuralidade, sen que iso exima a persoa arrendataria da súa responsabilidade de pagamento da renda ou prezo da cesión.

Vixésimo primeiro. *Pagamentos anticipados*

Realizaranse pagamentos anticipados da subvención nos termos do ordinal anterior de acordo co establecido no artigo 31.6 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e nos artigos 63, 65 e 67 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da dita lei.



As persoas beneficiarias quedarán exoneradas da constitución de garantía, conforme o establecido na letra i) do artigo 65.4 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

Vixésimo segundo. *Cambio de domicilio*

1. Cando durante a vixencia da concesión a persoa beneficiaria cambie o seu domicilio a outro situado dentro da Comunidade Autónoma de Galicia e subscriba un novo contrato, quedará obrigada a comunicalo no prazo de quince días, desde a súa sinatura, á persoa titular da Dirección Xeral do IGVS, xunto coa seguinte documentación:

a) O novo contrato de alugamento de vivenda formalizado nos termos da Lei 29/1994, do 24 de novembro, ou, se é o caso, o contrato de alugamento de habitación ou contrato de cesión de uso, con indicación expresa da súa referencia catastral.

O novo contrato deberá formalizarse sen interrupción temporal co anterior.

b) Certificado ou volante de empadramento no que conste á data da comunicación, as persoas que teñen o seu domicilio habitual e permanente na vivenda obxecto de alugamento ou cesión ou na que se localice a habitación obxecto de alugamento ou cesión.

O importe da subvención axustarase á contía do novo contrato sen que, en ningún caso, poida superar o importe da subvención que viña percibindo.

2. Cando a persoa beneficiaria desta axuda na Comunidade Autónoma de Galicia cambie o seu domicilio a outro localizado noutra comunidade ou cidade autónoma sobre o que subscriba un novo contrato de alugamento ou cesión, quedará obrigada a comunicar o dito cambio, no prazo de quince días desde a sinatura do novo contrato, á persoa titular da Dirección Xeral do IGVS que resolverá a perda da axuda desde a data do novo contrato de alugamento.

3. No suposto de que a persoa beneficiaria desta axuda noutra comunidade ou cidade autónoma cambie o seu domicilio e subscriba un contrato de alugamento ou cesión na Comunidade Autónoma de Galicia deberá achegar ao IGVS nos termos previstos nesta resolución, no prazo de quince días desde a sinatura do novo contrato, o anexo I debidamente cuberto, así como a documentación complementaria enunciada no ordinal décimo primeiro.

A persoa beneficiaria non perderá o dereito á subvención polo cambio, sempre que se cumpran todos os requisitos, previstos nesta resolución e no Real decreto 42/2022, do 18 de xaneiro, e sempre e cando exista dispoñibilidade orzamentaria.



Neste suposto resolverase a concesión da axuda desde a data do novo contrato e polo prazo establecido no ordinal noveno, descontando o prazo xa gozado na comunidade de orixe e de acordo coas condicións do novo contrato. Así mesmo, o importe da subvención axustarase á contía do novo contrato sen que, en ningún caso, poida superar a contía máxima prevista no ordinal noveno.

4. No caso de cambio de domicilio procedente doutra comunidade ou cidade autónoma, elévase o límite máximo recollido no ordinal oitavo, da renda ou prezo de cesión da vivenda obxecto do contrato de alugamento ou cesión na nova comunidade autónoma ou provincia de destino ata os 900 euros mensuais. Así mesmo, e para este caso o requisito do límite de rendas anuais será de catro veces o IPREM na comunidade autónoma de destino.

5. As anteriores previsións aplicaranse aos supostos de alugamento ou cesión de uso de habitación, agás a relativa á elevación do límite máximo da renda ou prezo de cesión e ao límite de ingresos.

Vixésimo terceiro. *Obrigas das persoas beneficiarias*

As persoas beneficiarias, ademais de cumprir as obrigas recollidas no artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, deberán cumprir as seguintes:

1. Xustificar a subvención conforme o previsto nestas bases reguladoras.
2. Residir habitual e permanentemente na vivenda durante todo o período polo que se conceda a axuda.
2. Permitirlle ao IGVS a realización das inspeccións e/ou as comprobacións que se consideren oportunas para verificar a exactitude dos datos achegados e/ou o destino da subvención concedida.
3. Estar ao día das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social no momento en que se aboe a subvención.
4. Facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Intervención Xeral da comunidade autónoma, o Tribunal de Contas e polo Consello de contas, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das axudas.
5. As demais obrigas que derivan desta resolución.



Vixésimo cuarto. *Perda e reintegro da subvención*

1. Poderán ser causa de perda e posterior reintegro da subvención, ademais dos supostos previstos no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, os seguintes:

a) O incumprimento das obrigas recollidas no ordinal anterior.

b) A falta de xustificación da subvención ou a falsidade no pagamento das rendas ou prezo de cesión da súa vivenda habitual e permanente.

c) A falta de comunicación ao órgano instrutor de calquera modificación das circunstancias determinantes do recoñecemento da subvención.

d) A resolución do contrato de alugamento, salvo nos supostos previstos de cambio de domicilio, nos termos do ordinal vixésimo segundo.

e) A interrupción temporal na formalización dun novo contrato de alugamento ou cesión de uso de vivenda ou habitación con respecto ao anterior, no suposto de cambio de domicilio a outro situado dentro da Comunidade Autónoma de Galicia.

f) A falta de presentación do contrato de alugamento ou cesión de uso e do certificado ou volante de empadramento no prazo previsto no ordinal décimo sétimo.

g) A formalización do contrato de alugamento ou cesión de uso en termos distintos aos que constan no compromiso achegado xunto coa solicitude.

2. O incumprimento ou a falsidade nas condicións requiridas para o outorgamento da subvención comportará, ademais das sancións que poidan corresponder, o reintegro da subvención percibida, incrementada co xuro legal correspondente desde o seu pagamento, máis o 25 %, segundo establece o artigo 34 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, salvo que a Lei de orzamentos xerais do Estado estableza outro diferente.

3. O procedemento para declarar a procedencia da perda do dereito de cobramento da subvención e, se é o caso, para facer efectiva a devolución, será o establecido no título II da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

No suposto de que o órgano competente resolva que a modificación é causa da perda sobrevinda do dereito a axuda, resolverá de inmediato o prazo de concesión da mesma ata a data na que se considere efectiva a dita perda.



Vixésimo quinto. *Compatibilidade e complementariedade do bono alugueiro mocidade*

1. A axuda do bono alugueiro mocidade non se poderá compatibilizar con ningunha outra axuda que para o pagamento do alugueiro ou cesión poidan conceder as comunidades autónomas e as cidades de Ceuta e Melilla, as entidades locais ou calquera outras administracións ou entidades públicas.

2. Non se considerarán afectados por esta incompatibilidade os supostos excepcionais en que as comunidades autónomas e as cidades de Ceuta e Melilla, os municipios, outras entidades públicas, organizacións non gobernamentais ou asociacións acheguen unha axuda para esa mesma finalidade a persoas beneficiarias especialmente vulnerables. Tampouco se considerarán afectados por esta incompatibilidade as persoas receptoras de prestacións non contributivas da Seguridade Social nin as persoas beneficiarias do ingreso mínimo vital.

3. Así mesmo, será compatible coa axuda ao alugueiro do «programa de axudas ás persoas mozas e mozos e para contribuír ao reto demográfico».

Neste caso, a suma de ambas axudas non pode superar o 75 % da renda ou do prezo da cesión da vivenda. No suposto de que as axudas sobre unha mesma vivenda superasen o dito límite, deberá minorarse na proporción correspondente.

4. Nos demais supostos de compatibilidade referidos no parágrafo segundo deste ordinal a suma da axuda do bono alugueiro mocidade e da axuda ao alugamento ou cesión poderá exceder a limitación anterior, pero non poderá exceder o importe da renda ou o prezo da cesión respectivamente.

Vixésimo sexto. *Notificacións*

1. As notificacións de resolucións e actos administrativos practícaranse só por medios electrónicos, nos termos previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

2. De conformidade co artigo 45.2 da Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia, as notificacións electrónicas practícaranse mediante a comparecencia na sede electrónica da Xunta de Galicia e a través do sistema de notificacións electrónicas de Galicia, Notifica.gal. Este sistema remitirá ás persoas interesadas avisos da posta á disposición das notificacións á conta de correo e/ou teléfono móbil que consten na solicitude.



Estes avisos non terán, en ningún caso, efectos de notificación practicada e a súa falta non impedirá que a notificación sexa considerada plenamente válida.

3. De conformidade co artigo 47 da Lei 4/2019, do 17 de xullo, as persoas interesadas deberán crear e manter o seu enderezo electrónico habilitado único a través do Sistema de notificación electrónica de Galicia-Notifica.gal, para todos os procedementos administrativos tramitados pola Administración xeral e as entidades instrumentais do sector público autonómico. En todo caso, a Administración xeral e as entidades do sector público autonómico de Galicia poderá de oficio crear o indicado enderezo, para os efectos de asegurar o cumprimento polas persoas interesadas da súa obriga de relacionarse por medios electrónicos.

4. As notificacións entenderanse practicadas no momento no que se produza o acceso ao seu contido, entendéndose rexeitada cando transcorresen dez días naturais desde a posta á disposición da notificación sen que se acceda ao seu contido.

5. Se o envío da notificación electrónica non fose posible por problemas técnicos practicarase a notificación polos medios previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

Vixésimo sétimo. *Transparencia e bo goberno*

1. Deberá darse cumprimento ás obrigas de transparencia contidas no artigo 17 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, e no artigo 15 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

2. En virtude do disposto no artigo 4 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, as persoas beneficiarias de subvencións están obrigadas a subministrar á Administración, ao organismo ou á entidade das previstas no artigo 3.1 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, á que se atopen vinculadas, logo de requirimento, toda a información necesaria para o cumprimento por aquela das obrigas previstas no título I da citada lei.

III. Convocatoria

Vixésimo oitavo. *Prazo de presentación de solicitudes*

O prazo de presentación de solicitudes comezará o día seguinte ao da publicación desta resolución no DOG e rematará o 31 de outubro de 2022 e, en todo caso, no momento do esgotamento do crédito orzamentario, o que será publicado no DOG mediante resolución ditada pola persoa titular da Dirección Xeral do IGVS.



Vixésimo noveno. *Crédito orzamentario*

1. As axudas previstas nesta convocatoria faranse efectivas con cargo á aplicación orzamentaria 08.81.451B.480.2, dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para 2022, por un importe total de 22.800.000 €, distribuídos nas seguintes anualidades:

– 11.400.000 € para a anualidade 2022.

– 11.400.000 € para a anualidade 2023.

2. A contía establecida nesta convocatoria poderá ser obxecto de ampliación por resolución ditada pola persoa titular da Dirección Xeral do IGVS, que terá efecto logo da súa publicación no DOG, de conformidade co establecido no artigo 30 do Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

Trixésimo. *Retroactividade e duración das axudas*

1. De conformidade co punto 4 do ordinal noveno, as axudas poderán recoñecerse desde o 1 de xaneiro de 2022, aínda que a data de recoñecemento fose posterior, sempre que o correspondente contrato de alugamento ou cesión de uso estivese vixente nesa data. En ningún caso poderán recoñecerse con efectos anteriores o 1 de xaneiro de 2022.

2. De acordo co establecido no ordinal noveno punto 3, en ningún caso poderán concederse axudas con posterioridade ao 31 de decembro de 2023.

Trixésimo primeiro. *Datos fiscais*

Os datos fiscais que se terán en conta, para os efectos do cómputo de ingresos, de conformidade co ordinal sétimo, serán os correspondentes ao período impositivo inmediatamente anterior con prazo de presentación vencido á solicitude do bono alugueiro mocidade.

Trixésimo segundo. *Efectos*

Esta resolución producirá efectos a partir do día seguinte ao da súa publicación no DOG.

Santiago de Compostela, 27 de xuño de 2022

Ángeles Vázquez Mejuto
Presidenta do Instituto Galego da Vivenda e Solo




**INSTITUTO
GALEGO DA
VIVENDA E SOLO**
ANEXO I

PROCEDEMENTO	CÓDIGO DE PROCEDEMENTO	DOCUMENTO
SUBVENCIÓNS DO PROGRAMA BONO ALUGUEIRO MOCIDADE	VI482E	SOLICITUDE

DATOS DA PERSOA SOLICITANTE							
NOME	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NIF/PASAPORTE				
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>				
TIPO	NOME DA VÍA	NÚM.	BLOQ.	ANDAR	PORTA		
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>		
PARROQUIA	LUGAR						
<input type="text"/>	<input type="text"/>			<input type="text"/>			
CÓDIGO POSTAL	PROVINCIA	CONCELLO	LOCALIDADE				
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>				
TELÉFONO 1	TELÉFONO 2	CORREO ELECTRÓNICO	NACIONALIDADE	DATA NACEMENTO			
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>			

E, NA SÚA REPRESENTACIÓN (deberá acreditarse a representación fidedigna por calquera medio válido en dereito)			
NOME/RAZÓN SOCIAL	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NIF
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>

DATOS PARA OS EFECTOS DE NOTIFICACIÓN	
Todas as notificacións ás persoas interesadas se realizarán só por medios electrónicos a través do Sistema de notificación electrónica de Galicia-Notifica.gal https://notifica.xunta.gal Só se poderá acceder á notificación co certificado electrónico ou Chave365. Enviaranse avisos da posta á disposición da notificación no correo electrónico e/ou teléfono móbil facilitados a seguir e que poderán cambiar en calquera momento a través de Notifica.gal:	
TELÉFONO MÓBIL	CORREO ELECTRÓNICO
<input type="text"/>	<input type="text"/>

DATOS BANCARIOS	
Declaro baixo a miña responsabilidade que son certos os datos consignados relativos á conta bancaria indicada.	
TITULAR DA CONTA	NÚMERO DA CONTA BANCARIA (24 DÍXITOS)
<input type="text"/>	IBAN <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/>

DATOS ESPECÍFICOS	
MARQUE A OPCIÓN QUE CORRESPONDA:	
<input type="radio"/> A persoa solicitante formalizou un contrato de alugamento ou cesión en uso.	DATA DO CONTRATO <input type="text"/>
<input type="radio"/> A persoa solicitante non formalizou un contrato de alugamento ou cesión en uso.	DATA DO COMPROMISO DE FORMALIZACIÓN <input type="text"/>
TIPO DE CONTRATO OU DE COMPROMISO DE FORMALIZACIÓN:	
<input type="radio"/> De alugamento de vivenda <input type="radio"/> De alugamento de habitación <input type="radio"/> De cesión de uso	
NÚMERO DE PERSOAS TITULARES DO CONTRATO OU COMPROMISO, INCLÚIDA A PERSOA SOLICITANTE	<input type="text"/>
IMPORTE DA RENDA OU PREZO DE CESIÓN INDIVIDUALIZADO	<input type="text"/>
(Deberán excluírse os gastos de comunidade e/ou anexos, como garaxes ou rochos, no caso que o dito importe non estivese desagregado)	




**INSTITUTO
GALEGO DA
VIVENDA E SOLO**
**ANEXO I
(continuación)**
DATOS ESPECÍFICOS (continuación)
DATOS DA VIVENDA OU HABITACIÓN OBXECTO DO CONTRATO OU DO COMPROMISO DE FORMALIZACIÓN:

TIPO	NOME DA VÍA	NÚM.	BLOQ.	ANDAR	PORTA
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
PARROQUIA	LUGAR				
<input type="text"/>	<input type="text"/>				
CÓDIGO POSTAL	PROVINCIA	CONCELLO	LOCALIDAD		
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>		
REFERENCIA CATASTRAL DA VIVENDA					
<input type="text"/>					

 DATA DE EFECTOS ECONÓMICOS DA AXUDA

(Deberá ser igual ou posterior á data de efectos do contrato. Nos supostos nos que a data de efectos económicos do contrato non coincida co primeiro día do mes, a dita data será o primeiro día do mes seguinte. En todo caso, non poderá ser anterior ao 1 de xaneiro de 2022. Lembre a obriga de xustificar o pagamento de todas as mensualidades da renda ou prezo da cesión mediante transferencia bancaria).

CAMBIO DE DOMICILIO PROCEDENTE DOUTRA COMUNIDADE OU CIDADE AUTÓNOMA: (para cubrir soamente por persoas que foron previamente beneficiarias da axuda do Bono alugueiro mocidade previsto no Real decreto 42/2022, do 18 de xaneiro, noutra comunidade ou cidade autónoma).

 Comunidade ou cidade autónoma onde percibiu a axuda

 Número total das mensualidades recoñecidas da axuda
A PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE DECLARA:

1. Que, en relación con outras axudas concedidas ou solicitadas:

- Non solicitou nin se lle concedeu ningunha outra axuda para este mesmo proxecto ou conceptos para os cales se solicita esta subvención.
- Si solicitou e/ou se lle concederon outras axudas para este mesmo proxecto ou conceptos para os cales se solicita esta subvención, que son as que a seguir se relacionan:

ORGANISMO	ANO	DISPOSICIÓN REGULADORA	IMPORTE

Así mesmo, comprométese a comunicar calquera outra axuda, que lle sexa concedida para á persoa solicitante ou calquera das persoas que teñan o seu domicilio habitual e permanente na vivenda arrendada ou cedida para a mesma finalidade.

2. Que está ao día no pagamento de obrigas por reintegro de subvencións, conforme o artigo 10.2.g) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e o artigo 9 do Regulamento de subvencións de Galicia, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
3. Que nin a persoa solicitante nin ningunha outra persoa que teña o seu domicilio habitual e permanente na vivenda arrendada ou cedida é propietaria e/ou usufrutuaria dunha vivenda situada en España, agás as excepcións previstas nas bases reguladoras da subvención.
4. Que nin a persoa solicitante nin ningunha outra persoa que teña o seu domicilio habitual e permanente na vivenda arrendada ou cedida, ten parentesco por consanguinidade, adopción ou afinidade, ata o segundo grao, coa persoa arrendadora.
5. Que nin a persoa solicitante nin ningunha outra persoa que teña o seu domicilio habitual e permanente na vivenda arrendada ou cedida, é socia ou participe da persoa física ou xurídica que actúe como arrendadora.
6. Que non está incurso en ningunha das circunstancias previstas no artigo 13.2 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e artigo 10.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.
7. Que todos os datos contidos nesta solicitude e nos documentos que se achegan son certos.

DOCUMENTACIÓN QUE SE PRESENTA O XA PRESENTADA CON ANTERIORIDAD

Anexo II, de declaración responsable das persoas que teñen ou terán o seu domicilio habitual e permanente na vivenda arrendada ou cedida e comprobación dos datos necesarios para a tramitación do procedemento, no caso de que na vivenda residan outras persoas distintas da persoa solicitante.

Anexo III, de declaración responsable de ingresos obtidos pola persoa solicitante e/ou polas persoas que teñen ou terán o seu domicilio habitual e permanente na vivenda arrendada ou cedida, no caso de non ter presentado a declaración do Imposto sobre a renda das persoas físicas.

	ÓRGANO	CÓD. PROC.	AÑO
<input type="checkbox"/> Documentación acreditativa da representación da persoa que actúe no nome da persoa solicitante, de ser o caso.			
<input type="checkbox"/> Contrato de alugamento da vivenda formalizado nos termos da Lei 29/1994, do 24 de novembro, de arrendamentos urbanos ou, se é o caso, contrato de alugamento de habitación ou contrato de cesión de uso, de ser o caso.			




**INSTITUTO
GALEGO DA
VIVENDA E SOLO**
**ANEXO I
(continuación)**

DOCUMENTACIÓN QUE SE PRESENTA O YA PRESENTADA CON ANTERIORIDAD (continuación)			
	ÓRGANO	CÓD. PROC.	AÑO
<input type="checkbox"/> Referencia catastral da vivenda, no caso de que non figure no contrato.			
<input type="checkbox"/> Documento asinado pola persoa arrendadora no que conste o importe da renda ou prezo de cesión individualizado, no caso de que estean incluídos os gastos de comunidade e/ou anexos, como garaxes o rochos, cuxo importe non estivese desagregado.			
<input type="checkbox"/> Compromiso asinado pola persoa arrendadora e arrendataria da formalización dun contrato de alugamento ou cesión de uso, no caso de non dispoñer de contrato, no que consten os seguintes datos: o importe da renda ou prezo da cesión individualizado, sen incluír os anexos da vivenda e gastos de comunidade, o concello onde se localice a vivenda, a referencia catastral da vivenda, as persoas arrendatarias que subscribirán o dito contrato e a data de efectos económicos do contrato.			
<input type="checkbox"/> Certificado ou volante de empadramento colectivo, no que conste a data da solicitude, as persoas que teñen o seu domicilio habitual e permanente na vivenda obxecto de alugamento ou cesión ou na que se localice a habitación obxecto de alugamento ou cesión, no caso de que teña contrato. Para estes efectos, recoñeceranse os certificados expedidos nos tres meses anteriores á data de presentación da solicitude.			
Documentación xustificativa da fonte regular de ingresos da persoa solicitante:			
<input type="checkbox"/> Contrato de traballo por conta allea, de ser o caso.			
<input type="checkbox"/> Contrato de persoal investigador en formación, de ser o caso.			
<input type="checkbox"/> Certificado acreditativo da percepción dunha prestación social pública de carácter periódico, contributiva o asistencial, de ser o caso.			
<input type="checkbox"/> Calquera outra documentación que xustifique algunha das fontes regulares de ingresos nos termos destas bases reguladoras.			
No caso de que a persoa solicitante ou calquera das persoas que teñan a súa residencia habitual e permanente na vivenda obxecto do contrato ou compromiso sexan propietarias ou usufrutuarias dalgunha vivenda en España e non poidan dispoñer dela:			
<input type="checkbox"/> Convenio regulador de separación ou divorcio ou sentenza que acredite a dita circunstancia, de ser o caso.			
<input type="checkbox"/> Documentación que acredite que a persoa solicitante e/ou algunha outra persoa que teñen o seu domicilio habitual e permanente na vivenda arrendada ou cedida, non poden habitar a vivenda por calquera outra causa allea á súa vontade, de ser o caso.			
<input type="checkbox"/> Informe técnico que xustifique a inaccesibilidade da vivenda por razón da discapacidade da persoa titular e/ou algunha outra persoa que teñen o seu domicilio habitual e permanente na vivenda arrendada ou cedida, de ser o caso.			
<input type="checkbox"/> No caso de que a persoa solicitante ou calquera das persoas que teñen o seu domicilio habitual e permanente na vivenda arrendada ou cedida, sexan propietarias ou usufrutuarias da parte alicuota dunha vivenda en España, documentación acreditativa de que foi obtida por transmisión <i>mortis causa</i> sen testamento.			
<input type="checkbox"/> Declaración responsable de que ningunha das persoas que convive na vivenda ten entre si parentesco en primeiro grao de consanguinidade, no caso de que na vivenda convivan, ademais da persoa solicitante, outra/s persoa/s e todas elas subscriban o contrato de arrendamento, de ser o caso.			
<input type="checkbox"/> Extracto ou certificado bancario acreditativo do pagamento da renda ou prezo da cesión das mensualidades anteriores á presentación da solicitude, no suposto do recoñecemento do dereito da axuda teña carácter retroactivo.			
<input type="checkbox"/> Escrito de conformidade das restantes persoas arrendatarias ou cesionarias que convivan na vivenda arrendada, no suposto de que o pagamento íntegro da renda ou prezo da cesión fose realizado por unha única persoa en nome das restantes, no suposto de que o recoñecemento do dereito da axuda teña carácter retroactivo.			
<input type="checkbox"/> Resolución de concesión e de suspensión desta axuda na comunidade ou cidade autónoma de orixe, no caso de cambio de domicilio procedente doutra comunidade ou cidade autónoma.			




**INSTITUTO
GALEGO DA
VIVENDA E SOLO**
**ANEXO I
(continuación)**

COMPROBACIÓN DE DATOS	
Os documentos relacionados serán obxecto de consulta ás administracións públicas. No caso de que as persoas interesadas se opoñan a esta consulta, deberán indicalo no recadro correspondente e achegar unha copia dos documentos.	OPÓÑOME Á CONSULTA
DNI/NIE da persoa solicitante	<input type="checkbox"/>
DNI/NIE da persoa representante	<input type="checkbox"/>
Consulta de vida laboral dos últimos 12 meses.	<input type="checkbox"/>
Certificación da Tesouraría Xeral da Seguridade Social acreditativa do cumprimento das obrigas fronte á Seguridade Social.	<input type="checkbox"/>
Certificación da Axencia Tributaria de Galicia (Atriga) que acredite non ter pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma.	<input type="checkbox"/>
Certificación de titularidade de bens inmobles da Dirección Xeral do Catastro.	<input type="checkbox"/>
Consulta de inhabilitación para obter subvencións e axudas da Intervención Xeral do Estado.	<input type="checkbox"/>
Consulta de concesións de subvencións e axudas da Intervención Xeral do Estado.	<input type="checkbox"/>
MARQUE O RECADRO CORRESPONDENTE PARA SINALAR AS CIRCUNSTANCIAS QUE LLE SEXAN DE APLICACIÓN	
<input type="checkbox"/> Consulta das prestacións do Rexistro de Prestacións Sociais Públicas, incapacidade temporal e maternidade do Instituto Nacional da Seguridade Social.	<input type="checkbox"/>
<input type="checkbox"/> Certificado das prestacións da renda de integración social de Galicia.	<input type="checkbox"/>
<input type="checkbox"/> Certificado dos importes das prestacións de desemprego percibidos nun período.	<input type="checkbox"/>
<input type="checkbox"/> Permiso de día ou residencia regular en España da persoa solicitante, no caso das persoas estranxeiras non comunitarias.	<input type="checkbox"/>
CONSENTIMENTO PARA A COMPROBACIÓN DE DATOS A persoa interesada autoriza a consulta a outras administracións públicas dos seguintes datos. De non autorizar a consulta, deberá achegar o documento correspondente.	AUTORIZO A CONSULTA
NIF da entidade representante.	<input type="radio"/> SI <input type="radio"/> NON
Certificación da Axencia Estatal de Administración Tributaria (AEAT) acreditativa do cumprimento das obrigas tributarias.	<input type="radio"/> SI <input type="radio"/> NON
Certificado da renda expedido pola AEAT.	<input type="radio"/> SI <input type="radio"/> NON

INFORMACIÓN BÁSICA SOBRE A PROTECCIÓN DE DATOS PERSOAIS	
Responsable do tratamento	Xunta de Galicia. Instituto Galego da Vivenda e Solo.
Finalidades do tratamento	Tramitar este procedemento, verificar os datos e documentos que a persoa ou entidade interesada achegue na súa solicitude para comprobar a exactitude destes, levar a cabo as actuacións administrativas que deriven e informar sobre o estado de tramitación. Así mesmo, os datos persoais inclúiranse na Carpeta cidadá de cada persoa ou entidade interesada para facilitar o acceso á información, tanto persoal como de carácter administrativo.
Lexitimación para o tratamento	O cumprimento dunha misión realizada en interese público ou no exercicio de poderes públicos derivada dunha competencia legalmente atribuída ao responsable do tratamento, así como o cumprimento de obrigas legais impostas ao dito responsable (artigos 6.1, letras c) e e), do RXPd e 8 da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais). En concreto, a competencia e obrigas previstas nos preceptos básicos da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, así como na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, e na Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia.
Destinatarios dos datos	As administracións públicas no exercicio das súas competencias, cando sexa necesario para a tramitación e resolución dos seus procedementos ou para que as persoas ou entidades interesadas poidan acceder de forma integral á información relativa a unha materia.
Exercicio de dereitos	As persoas ou entidades interesadas poderán solicitar o acceso, rectificación, oposición, limitación, portabilidade e supresión dos seus datos ou retirar, se é o caso, o consentimento outorgado a través da sede electrónica da Xunta de Galicia ou nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, segundo se recolle en https://www.xunta.gal/exercicio-de-dereitos
Contacto coa persoa delegada de protección de datos e máis información	https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos



**INSTITUTO
GALEGO DA
VIVENDA E SOLO****ANEXO I**
(continuación)**LEXISLACIÓN APLICABLE**


Real decreto 42/2022, do 18 de xaneiro, polo que se regula o bono alugueiro mocidade e o Plan estatal para o acceso á vivenda 2022-2025. Resolución do 27 de xuño de 2022 pola que se establecen as bases reguladoras das subvencións do Programa de bono alugueiro mocidade e se procede á súa convocatoria, con financiamento plurianual, para o ano 2022 (código de procedemento VI482E).

SINATURA DA PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE

Lugar e data

 , de de **Xacobeo 21-22**

Instituto Galego da Vivenda e Solo

 **SEDE ELECTRÓNICA** Este formulario só poderá presentarse nas
<https://sede.xunta.gal> formas previstas na súa norma reguladora**XUNTA
DE GALICIA**

ISSN1130-9229

Depósito legal C.494-1998

<https://www.xunta.gal/diario-oficial-galicia>

ANEXO II
(continuación)

INFORMACIÓN BÁSICA SOBRE A PROTECCIÓN DE DATOS PERSOAIS

Responsable do tratamento	Xunta de Galicia. Instituto Galego da Vivenda e Solo.
Finalidades do tratamento	Tramitar este procedemento, verificar os datos e documentos que a persoa ou entidade interesada achegue na súa solicitude para comprobar a exactitude destes, levar a cabo as actuacións administrativas que se deriven e informar sobre o estado de tramitación. Así mesmo, os datos persoais incluíranse na Carpeta cidadá de cada persoa ou entidade interesada para facilitar o acceso á información, tanto persoal como de carácter administrativo.
Lexitimación para o tratamento	O cumprimento dunha misión realizada en interese público ou no exercicio de poderes públicos derivada dunha competencia legalmente atribuída ao responsable do tratamento, así como o cumprimento de obrigas legais impostas ao dito responsable (artigos 6.1, letras c) e e), do RXPd e 8 da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais). En concreto, a competencia e obrigas previstas nos preceptos básicos da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, así como na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, e na Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia
Destinatarias dos datos	As administracións públicas no exercicio das súas competencias, cando sexa necesario para a tramitación e resolución dos seus procedementos ou para que as persoas ou entidades interesadas poidan acceder de forma integral á información relativa a unha materia.
Exercicio de dereitos	As persoas ou entidades interesadas poderán solicitar o acceso, rectificación, oposición, limitación, portabilidade e supresión dos seus datos ou retirar, se é o caso, o consentimento outorgado a través da sede electrónica da Xunta de Galicia ou nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, segundo se recolle en https://www.xunta.gal/exercicio-de-dereitos
Contacto coa persoa delegada de protección de datos e máis información	https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos

Lugar e data

 , de de

Xacobeo 21-22




**INSTITUTO
GALEGO DA
VIVENDA E SOLO**
ANEXO III
**DECLARACIÓN RESPONSABLE DE INGRESOS DAS PERSOAS QUE TEÑEN OU TERÁN O SEU DOMICILIO HABITUAL E PERMANENTE
NA VIVENDA ARRENDADA OU CEDIDA**

VI482E - SUBVENCIÓNS DO PROGRAMA BONO ALUGUEIRO MOCIDADE

DATOS DA PERSOA SOLICITANTE

NOME	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NIF
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>

E, NA SÚA REPRESENTACIÓN (deberá acreditarse a representación fidedigna por calquera medio válido en dereito)

NOME/RAZÓN SOCIAL	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NIF
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>

A PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE DECLARA

- Que non realizou a declaración do imposto sobre a renda das persoas físicas correspondente ao ano por non estar obrigado/a, en aplicación da normativa reguladora do imposto sobre a renda das persoas físicas (IRPF).
- Que os ingresos das persoas que residen ou van residir con carácter habitual e permanente na vivenda obxecto do contrato ou compromiso de alugamento ou cesión de uso, sen incluír as persoas que presentaron a correspondente declaración do IRPF, durante o citado ano foron os seguintes:

NOME E APELIDOS	NIF	INDICAR : - PERSOA SOLICITANTE OU - PARENTESCO COA PERSOA SOLICITANTE	IMPORTE ÍNTEGRO INGRESOS ANUAIS	PROCEDENCIA DOS INGRESOS (1) (Prestacións, rendas do traballo, rendementos do capital mobiliario,...)	ESPECIFICAR TIPO DE PRESTACIÓN, SUBSIDIO OU PENSIÓN (Ex: RISGA, RAI, ORFANIDADE, VIUDEDADE...)
			<input type="text"/>	Rendas do traballo ou profesionais	<input type="text"/>
			<input type="text"/>	Prestacións, subsidio ou pensións	<input type="text"/>
			<input type="text"/>	Rendas do capital e alugamento	<input type="text"/>
			SUBTOTAL		
TOTAL DE INGRESOS DAS PERSOAS QUE TEÑAN O SEU DOMICILIO HABITUAL E PERMANENTE NA VIVENDA ARRENDADA OU CEDIDA			TOTAL		

(1) Rendas do traballo ou de actividade profesional, prestacións (pensións, prestacións, subsidios, etc.) e rendas do capital (xuros bancarios, alugamento, etc.)


- Que a suma de ingresos económicos, por todos os conceptos, das persoas que teñen ou terán o seu domicilio habitual e permanente na vivenda arrendada ou cedida durante o citado ano, é a seguinte:

NÚMERO DAS PERSOAS QUE TEÑAN O SEU DOMICILIO HABITUAL E PERMANENTE NA VIVENDA ARRENDADA OU CEDIDA	<input type="text"/>
INGRESOS TOTAIS DURANTE O ANO	<input type="text"/>
RETENCIÓN A CONTA DO IRPF	<input type="text"/>
COTAS Á SEGURIDADE SOCIAL OU MUTUALIDADES	<input type="text"/>

- Todos os datos contidos nesta declaración son certos e exactos.

DOCUMENTACIÓN QUE SE PRESENTA OU XA PRESENTADA CON ANTERIORIDADE

	ÓRGANO	CÓD. PROC.	ANO
<input type="checkbox"/> Certificado de retribucións e retencións da empresa ou empresas nas cales estivese de alta no devandito exercicio.			
<input type="checkbox"/> Certificado de pensións ou prestacións periódicas, emitido polo correspondente organismo oficial, no caso de non ser outorgadas polo Instituto Nacional da Seguridade Social (INSS).			
<input type="checkbox"/> Certificados bancarios de rendementos do capital mobiliario.			


SEDE ELECTRÓNICA Este formulario só poderá presentarse nas formas previstas na súa norma reguladora
<https://sede.xunta.gal>

**XUNTA
DE GALICIA**

ISSN1130-9229

Depósito legal C.494-1998

<https://www.xunta.gal/diario-oficial-galicia>




INSTITUTO
GALEGO DA
VIVENDA E SOLO

ANEXO III
(continuación)

SINATURA DA PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE

Lugar e data

, de de



Xacobeo 21-22

